

## INCREMENTO SALARIAL TAMÉN NA CONCERTADA

O II Acordo para a mejora do emprego público y de concidicones de traballo firmado o pasado venres por UGT, CCOO e CSIF inclúe ao persoal ao servizo do sector público, é dicir, tamén aos traballadores da concertada.

Este acordo asegura un incremento salarial fixo do 6,12% que podería chegar a un 8,79% se o PIB medra un 2,5% ou máis nos anos 2019 e 2020 e se no ano 2020 se cumpre o obxectivo de déficit público.

Cada Administración Pública (por exemplo a autonómica), previa negociación colectiva poderá destinar unha porcentaxe adicional da súa masa salarial para a implantación de planes de proxectos de mellora da produtividade, revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino ou aportación a fondos de pensións, entre outras.

Para o ano 2018 destinarase un 0,20%, para o 2019 un 0,25% e para 2020 un 0,30%

Así pois os mínimo fixos garantidos son os seguintes:

Evolución PIB	2018	2019	2020	acumulado
<b>FIXO</b>	1,75%	2,25%	2,00%	6,12%

Se o PIB é inferior ao 2,5% (ou 3,1% para o ano 2018, incremento xa fixado)

Evolución PIB	2018	2019	2020	acumulado
<b>PIB = 2,1%</b>	1,75% fixo	2,30%	2,20%	6,38%
<b>PIB = 2,2%</b>	1,75% fixo	2,35%	2,40%	6,64%
<b>PIB = 2,3%</b>	1,75% fixo	2,40%	2,60%	6,90%
<b>PIB = 2,4%</b>	1,75% fixo	2,45%	2,80%	7,16%

Se o PIB é igual ou superior ao 2,5% (ou 3,1% para o ano 2018, incremento xa fixado)

Evolución PIB	2018	2019	2020	acumulad o
Igual ou superior ao (3,1%/2,5%/2,5%)	1,75% fixo	2,50%	3,00 %	7,42%
Fondos adicionais (0,20%/0,25%/0,30%)	1,95%	2,75%	3,30 %	8,21%

Os mínimos fixos garantidos máis fondos adicionais (de previsible aplicación) serían:

Evolución PIB	2018	2019	2020	acumulado
<b>FIXO+FONDOS ADICIONAIS</b>	1,95%	2,50%	2,30%	6,90%

Se no ano 2020 se cumprise o déficit previsto peribiríase un 0'55% adicional

Evolución PIB	2018	2019	2020	acumulado
<b>Máximos posibles</b>	1,95%	2,75%	3,85%	8,79

Así pois, no peor dos escenarios posibles teremos un incremento acumulado do 6,12% entre 2018 e 2020 e no mellor un 8,79%

Estes incrementos son posibles grazas a sindicatos como UGT, con capacidade de negociación tanto no ámbito público como no privado, e dos que se beneficiará o conxunto dos traballadores.

**NOTA IMPORTANTE:**

Isto non ten nada que ver coas débedas, xa históricas, que a Consellería de Educación acumula con nós como a paga de antigüidade, acordo de recolocación, cumprimento do acordo firmado en 2010, aboamento do complemento por coordinador do equipo de dinamización lingüística, etc.

***Xuntos podemos máis***

**SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO**